



**CORRELINGUA 2019**

*O galego é a fórmula*

### **BASES PARA O CONCURSO DE BANDA DESEÑADA**

1. Pode participar todo o alumnado de educación infantil e primaria de calquera centro de Galiza.
2. A participación no concurso será **EN GRUPO** e o premio será para todo o grupo, preferibelmente UNHA aula completa (como máximo 25 alumnas e alumnos). Cada grupo deberá repartir as diferentes tarefas para a elaboración da banda deseñada (elaboración do argumento e guión, deseño das personaxes, realización gráfica, cor, etc.).
3. A Banda Deseñada debe ter un tema que estea de acordo cos **OBXECTIVOS** xenéricos do Correlingua, que son:
  - Propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar as accións en prol dela.
  - Sensibilizar a sociedade, a través da poboación infantil, da importancia da defensa da lingua galega.
  - Asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas, amenas e interdisciplinares.
  - Contribuír a manter vivo o maior patrimonio creado polas galegas e os galegos e implicar as xeracións máis novas no cumprimento deste obxectivo.

Ademais deberá terse en conta para a súa elaboración o lema desta edición 2019: **o galego é a fórmula**, inspirado na necesidade de que o galego estea presente en todas as materias do ensino, tamén nas do ámbito científico.

4. O formato da banda deseñada será o seguinte:

I. EXTENSIÓN: de 1 a 4 páxinas, tamaño A4 ou proporcional.

II. TÉCNICA: libre, sobre papel de debuxo (non folios), tendo en conta que debe permitir a súa lectura, reprodución e impresión.

5. Os centros deberán formalizar a inscrición a través do formulario activo na páxina web: <http://correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscricion-na-banda-desenada/>

antes do día 1 de febreiro de 2019. Nesa inscrición farase constar o número de persoas que compoñen o grupo e tamén a etapa educativa. O traballo orixinal deberá ser enviado antes do **15 de marzo de 2019** por correo electrónico –escaneado- a [correlingua@gmail.com](mailto:correlingua@gmail.com) ou ordinario a:

CORRELINGUA

Avenida de Lugo, 2A, entresollado A

15702- Santiago de Compostela.

O envío farase con **pseudónimo do grupo**. Ademais, nun documento anexo deberán facilitarse os seguintes datos:

- nome das persoas que compoñen o grupo
- centro escolar ao que pertencen
- teléfono de contacto

**6.** O xuri estará composto por cinco persoas propostas pola Comisión Organizadora. Os membros do xurado non poderán ter relación cos centros escolares participantes. Colabora nesta actividade os artistas Miguel Anxo Carvalho e Xico Paradelo. A decisión do xurado será inapelábel.

**7.** O premio para o grupo gañador consistirá nunha viaxe e un diploma acreditativo para o grupo que será entregado nun acto público.

**8.** Os traballos que non resulten premiados poderán ser publicados na páxina web do Correlingua.

**9.** Os traballos premiados poderán ser reproducidos en campañas publicitarias e divulgativas do Correlingua. Para estes efectos os autores cederán os dereitos de reprodución á organización do Correlingua.

**10.** A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

**Correlingua**

[www.correlingua.gal](http://www.correlingua.gal)

**Facebook, Instagram: Correlingua**

Avenida de Lugo 2A, entresollado A

15702- Santiago de Compostela

tlf: 698180557